

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA  
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO  
DE BETANZOS PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS NO APARCADOIRO  
EXTERIOR DO EDIFICIO XUDICIAL DE BETANZOS**

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2016

**REUNIDOS**

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 230/2012, do 2 de decembro, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte D. José Ramón García Vázquez, Alcalde Presidente do Concello de Betanzos, en representación do mesmo, conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que teñen conferidas para subscribir convenios en nome das entidades que representan, recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración, e para o efecto,



**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 72/2013 do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica.

**SEGUNDO.-** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei

galicia





30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**TERCEIRO.-** A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Betanzos coinciden na necesidade de ampliación do aparcadoiro exterior de uso exclusivo do persoal ao servizo dos xulgados de Betanzos e para uso dos vehículos policiais, para o que creen conveniente a eliminación dun xardín situado na parte traseira da sede xudicial para a ampliación do espazo reservado aos citados vehículos.

**CUARTO.-** Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Betanzos, pois preténdese unha actuación na vía pública deste concello, como é a realización dun aparcadoiro para uso exclusivo do persoal dos xulgados e dos furgóns policiais.

**QUINTO.-** O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS**


### **PRIMEIRA.- Obxecto**


O presente convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Betanzos para a realización das obras de ampliación do aparcadoiro situado na parte traseira do edificio xudicial de Betanzos para uso exclusivo do persoal ao servizo da Administración de xustiza e para uso dos vehículos policiais.

### **SEGUNDA.- Obrigas do Concello de Betanzos**

O Concello procederá á realización das obras precisas para a ampliación do aparcadoiro referido na cláusula primeira, que constará das seguintes tarefas básicas:


- Baleirado da xardineira e demolición do muro
- Construción dunha placa de formigón impreso igual á existente
- Construción dun muro de bloque con piares cada dous metros
- Colocación dunha rampla na beirarrúa para o acceso dos vehículos en pedra igual á existente achaflanada
- Pintado do aparcadoiro para a situación dos vehículos
- Pintura do muro con pintura elastomérica







Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello de Betanzos:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
  - b. Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento efectivo nos termos establecidos na cláusula quinta deste convenio.
  - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
5. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da





comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

### **TERCEIRA.- Orzamento e obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Co fin de cofinanciar o custo da realización das obras recollidas na cláusula anterior, a Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza transferirá ao Concello de Betanzos os gastos subvencionables sinalados na cláusula cuarta, polo importe do 50% do gasto total preciso para a realización das obras, ata un límite máximo de OITO MIL EUROS (8.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015.00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

### **CUARTA.- Gastos subvencionables**

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, Xeral de subvencións, considerarase gastos subvencionables aqueles de xeito indubidable responderen á natureza da actividade subvencionada, e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2016, data límite da xustificación do convenio.

### **QUINTA.- Xustificación e pagamento**

Para proceder ao pagamento, o Concello de Betanzos presentará a seguinte documentación xustificativa:

- a. Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
- b. Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
  1. O cumprimento da finalidade da subvención.
  2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación





subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.


3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
  4. De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c. Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- d. Declaración responsable na que se faga constar que a entidade local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello de Betanzos se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- e. Nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, copia compulsada da resolución de adxudicación da obra onde quede acreditado o cumprimento do establecido no segundo parágrafo do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- f. No suposto de obras realizadas con medios propios pola entidade local beneficiaria, achegarase a seguinte documentación adicional:
- A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.
  - Unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa será o 30 de novembro de 2016.

O libramento do pagamento requirirá informe que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza, órgano que ten atribuídas as competencias en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, de acordo co disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril.





En todo caso, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

#### **SEXTA.- Compatibilidade con outras subvencións**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

#### **SÉTIMA.- Facultades de inspección**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

#### **OITAVA.- Perda do dereito ao cobramento da subvención**

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a. Non presentar toda a documentación xustificativa en tempo e forma, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- b. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
  - Non executar o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando a baixa sobre o orzamento inicial implique unha execución deste orzamento inferior ao 60%.
  - Non solicitar e obter o mínimo de 3 ofertas esixidas polo artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.



- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

A perda do dereito ao cobramento será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunha das actuacións que integran o proxecto ou ás anualidades en que se distribúe a subvención.

#### **NOVENA.- Reintegros**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.

Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.


#### **DÉCIMA.- Comisión de seguimento**

Para facilitar o seguimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.



#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia**

O prazo de vixencia do presente convenio será desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, as partes poderán acordar a renovación a través de novos convenios de carácter anual.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución**

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos obrigatorios segundo as súas cláusulas por algunha das partes.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da súa finalización.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade**


Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **DÉCIMO CUARTA.- Natureza e interpretación**

O presente Convenio ten natureza administrativa, e considérase incluído no artigo 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Tendo en conta a natureza xurídico-administrativa deste convenio, as cuestións litixiosas que puideran derivarse da súa execución serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.




**DÉCIMO QUINTA.- Normativa aplicable**

O presente convenio de colaboración rexeráse polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, subscriben, por duplicado exemplar, o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E  
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA



Alfonso Rueda Valenzuela

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE BETANZOS



José Ramón García Vázquez